

07.AAE DOCUMENTACIÓN DEL PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

01.2ANX ESTUDO DA PAISAXE E DA PAISAXE URBANA

1. INTRODUCCIÓN	1
1.1. ÁMBITO DE ORDENACIÓN.....	1
2. CARACTERIZACIÓN TERRITORIAL.....	5
2.1. CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE	10
3. VALORES PAISAXÍSTICOS CON INCIDENCIA NO ÁMBITO	11
3.1. TIPO NATURAL O ECOLÓXICO	11
3.2. TIPO CULTURAL E PATRIMONIAL.....	12
3.3. TIPO ESTÉTICO O PANORÁMICO	13
3.4. TIPO PRODUTIVO O DE USO	14
3.5. ARBOREDO EXISTENTE	15
4. ANÁLISE DA VISIBILIDADE	17
4.1. ANÁLISE DA VISIBILIDADE NO ESTADO ACTUAL	18
4.2. ANÁLISE DA VISIBILIDADE CO DESENVOLVEMENTO PROPOSTO	19
4.3. IDENTIFICACIÓN DA CONCA PAISAXÍSTICA.....	20
5. ESTUDO DA PAISAXE URBANO.....	21
6. IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS PAISAXÍSTICOS	22
7. DESEÑO DE MEDIDAS	26

1. INTRODUCCIÓN

O presente estudo elabórase co obxectivo de analizar a incidencia visual da actuación proposta sobre a paisaxe da súa contorna, así como a conformación escénica da nova paisaxe urbana. Así mesmo, analízase o seu grao de integración no territorio, e a protección dos valores da contorna, fomentando o emprego de formas construtivas propias e garantindo a súa integración co medio urbano lindeiro.

Contémpanse os obxectivos establecidos no artigo 34 do Decreto^o96/2020, do 29 de maio polo que se aproba o Regulamento da Lei^o7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e, á súa vez, segue a estrutura metodolóxica esixida no artigo 35 do mesmo texto legal.

1.1. ÁMBITO DE ORDENACIÓN

O ámbito a desenvolver polo Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións atópase no Concello da Coruña, dentro del área metropolitana da Coruña e da ría do Burgo. Concretamente, o ámbito atópase na mazá situada no extremo sur da avenida Salvador de Madariaga. O ámbito del Plan Especial está conformado por dúas parcelas catastrais así como o sistema viario e espazos libres que as rodean, alcanzando unha superficie de 24.771 m².

O ámbito limita:

- Polo norte: coa calle Antonio Machado, y cunha parcela edificada na que hai instalada unha actividade de lavado de coches.



- Polo sur: coa avenida de San Cristóbal (AC-10) e unha parcela titularidade de Repsol destinada sobre rasante a espazo libre (baixo a que descorre o oleoduto).



- Polo leste: coa avenida Salvador de Madariaga.




- Polo oeste: coa avenida Alcalde Alfonso Molina (AC-11) e o seu nó de enlace coa AC-10.



Anéxase a continuación diversas vistas aéreas onde se observa a implantación do ámbito na súa contorna inmediata, e obsérvase a trama urbana desta zona da cidade.




Fonte: GoogleEarth. Vista do ámbito dende o suroeste, no nó de enlace entre a AC-10 e AC-11.



Fonte: GoogleEarth. Vista do ámbito dende o nordeste, no nó de enlace entre a AC-10 e AC-11.

O ámbito atópase ordenado no PXOM do seguinte modo:



Fonte: PXOM da Coruña. Zonificación. Plano O6. Follas 84-85

Así o ámbito do PEID está formado por tres zonas-parcelas clasificadas como solo urbano consolidado, segundo se desagrega na seguinte táboa.

ALTERNATIVA 0 - ESTADO ACTUAL				
Parcela	Uso	Ordenanza	Superficie	Edificabilidade
Zona deportiva	Equipamento PB deportivo	EL	11.160 m ²	7.547 m ² e
Zona verde perimetral á AC-11	Espazo libre	EL	5.387 m ²	
Club Financiero	Residencial	1(3)	4.751 m ²	3.042,05 m ² e
Infraestruturas de servizos	Estación de servicio	IE	2.629 m ²	714 m ² e
Avda. Salvador de Madariaga	Viario	ICV	3.633 m ²	
TOTAL			27.560 m ²	11.303 m ² e

Como obsérvase na imaxe superior, a parcela privada destinada a uso residencial atópase rodeada de parcelas públicas destinadas ao uso dotacional de espazo libre, e parte dos usos implantados nestas parcelas públicas (equipamentos) non adáptase á ordenanza de aplicación nos mesmos, razóns que motiva a redacción do presente PEID.

2. CARACTERIZACIÓN TERRITORIAL

De acordo co Catálogo das Paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016 do 28 de xullo), a área de desenvolvemento do Plan Especial sitúase dentro da Gran Área Paisaxística (GAP) Golfo Ártabro, ao noroeste de Galicia, abarcando unha superficie de máis de 129.000 Ha, e dentro da comarca paisaxística Golfo Ártabro Litoral.



Fonte: Catálogos das Paisaxes. Mapa de delimitación do GAP Golfo Ártabro.

A nivel de caracterización territorial, o mapa base da GAP permite corroborar que o ámbito ten un emprazamento costeiro. Está situado na provincia da Coruña, dentro do casco urbano da cidade da Coruña. Localízase nunha zona moi antropizada e con gran presión urbanística, e está moi ben comunicada. Así, esta zona atópase estreitamente vinculada co medio urbano, de aí a súa clasificación no PXOM como solo urbano consolidado.

O ámbito atópase dentro do núcleo urbano, polo que o alcance deste documento inclúe un estudo da paisaxe urbana.




Fonte: Catálogos das Paisaxes. Mapa base da GAP Golfo Ártabro. Centrado na comarca paisaxística Golfo Ártabro Litoral e sinalando a localización do ámbito.


Como se mostra a continuación no mapa base da comarca paisaxística Golfo Ártabro, obsérvase que o ámbito se atopa na área de asentamento de maior densidade, no casco urbano da Coruña e lindeira á estrada AC-11, avenida Alcalde Alfonso Molina, a principal arteria de acceso á cidade. Así mesmo, conta cunha posición privilexiada debido á súa situación lindeira coa estrada AC-10, avenida de San Cristóbal, que comunica o porto co polígono industrial da Grela (un dos principais da cidade) atravesando as principais arterias de comunicación da cidade (AC-12, AC-11, AC-14 e a avenida de Arteixo), polo que se ha de prestar especial atención ás condicións de integración paisaxística atendendo ás condicións estéticas e compositivas.



Fonte: Catálogos das Paisaxes. Mapa base da comarca paisaxística Golfo Ártabro Litoral.


En canto á ocupación do solo, o ámbito correspóndese con zona netamente urbana, rodeada por solo urbano consolidado por todos os seus lindes, correspondente á “zonas urbanas” e “coberturas artificiais” que caracteriza o casco urbano da Coruña.





Fonte: Catálogos das Paisaxes. Mapa base de ocupación e usos do solo na comarca paisaxística Golfo Ártabro Litoral.

A nivel litolóxico, o ámbito sitúase sobre granitoides calcoalcalinos, e non presenta liñas de fracturación.



Fonte: Catálogos das Paisaxes. Mapa litolóxico na comarca paisaxística Golfo Ártabro Litoral.

Desde o punto de vista do relevo e a hidrografía, o ámbito de actuación caracterízase por atoparse unha zona deprimida respecto do seu entorno, presentando unha topografía descendente en dirección norte, seguindo os canles dos ríos Monelos e Mesoiro.




Fonte: Catálogos das Paisaxes. Relevo e hidrografía na comarca paisaxística Golfo Ártabro Litoral

As cotas sitúanse entre os 15 m no extremo sueste, e os 11 m no extremo noroeste.

2.1. CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE

O plano identificativo das unidades de paisaxe do Catálogo de Paisaxes de Galicia reconece esta zona dentro do ámbito de aplicación do Plan de Ordenación do Litoral (POL).



Fonte: Catálogos das Paisaxes de Galicia. Mapa de unidades e tipos de paisaxe na comarca paisaxística Golfo Ártabro Litoral.

A este respecto establecer que o POL non resulta de aplicación no solo urbano consolidado (artigo 3 da Normativa do POL), como é o caso do ámbito do presente PEID, polo que non resulta necesario incorporar ningunha determinación do POL.

3. VALORES PAISAXÍSTICOS CON INCIDENCIA NO ÁMBITO

3.1. TIPO NATURAL O ECOLÓXICO

En primeiro lugar hai que destacar que o ámbito da modificación puntual non está afectado por ningún espazo protexido polo seu interese natural, ecolóxico ou ambiental, afectos á Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e á Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

A nivel biodiversidade, o ámbito atópase na Zona 3 do Plan de Xestión do lobo, é dicir, a zona onde non se establece ningún tipo de medida.

O tamén ámbito inclúese na área de distribución potencial da Escribenta das Canaveiras (*Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitánica Steinbacher*), tal e como establece o seu Plan de recuperación, o cal inclúe, entre outros, todos os terreos atopados entre a liña de costa e o 15 km cara o interior, así como os principais humidais da comunidade. O ámbito atópase na área Potencial, moi afastada das Áreas Críticas e Áreas de Presenza.



Fonte: Catálogos das Paisaxes

3.2. TIPO CULTURAL E PATRIMONIAL

Dentro do ámbito ou no seu contorno non se atopa ningún elemento de interese cultural.



Como podemos observar o elemento máis próximo é o Camiño Inglés pertencente ao Camiño de Santiago, pero atópase moi afastado, a máis de 500 m ao leste.

3.3. TIPO ESTÉTICO O PANORÁMICO


No ámbito non se atopan elementos con valores panorámicos rexistrados no Catálogo das Paisaxes de Galicia. A continuación, móstranse os sendeiros, rutas, xardíns e miradoiros recolleitos no Catálogo das Paisaxes nas proximidades. Obsérvase que o único elemento que aparece é o Camiño Inglés pertencente ao Camiño de Santiago, descrito no apartado anterior.



Fonte: Catálogos das Paisaxes. Valores paisaxísticos. Valores panorámicos.

3.4. TIPO PRODUTIVO O DE USO

No ámbito non se atopa ningún valor paisaxístico produtivo o de uso, tal e como se observa na imaxe seguinte.



Fonte: Catálogos das Paisaxes. Valores paisaxísticos. Valores de uso. Zonas agroforestais.

3.5. ARBOREDO EXISTENTE

La ordenación proposta no Plan Especial integra a actuación na trama urbana lindante, e cos elementos valiosos do paisaxe e da vexetación, dando polo tanto cumprimento aos obxectivos establecidos no artigo 6.8.6 sobre protección do arboredo contido nas normas urbanísticas do PXOM/13.

Onde se dictamina que o arboredo existente nos espazos libres públicos, vías, etc., aínda que non estean cualificados como zonas verdes, debe ser conservado e mantido. Do mesmo xeito establece que toda perda de arboredo na vía pública debe ser reposta de forma inmediata.

A continuación inclúese as imaxes da vexetación existente do ámbito e a súa localización



01



02



03



04




05



06



07




08



09



10



Fonte: PINFS_05ARB

Como podemos observar o ámbito conta cunha vexetación diversa, incluíndo chopos, palmeiras, teixos, liquidámbar, bambú (especie invasora), bidueiros, hedra, arbustos, setos, plátanos, abetos e tuyas. As palmeiras e o bambú atópanse dentro da parcela privada do Club Financiero.

En canto á intervención prevista, propónse o mantemento de toda a vexetación existente, agás as palmeiras situadas na fachada do Club Financiero, cuxa retirada se xustifica polo seu mal estado fitosanitario que se atopan atacadas polo escaravello picudo.

4. ANÁLISE DA VISIBILIDADE

A continuación, estúdase pormenorizadamente os ámbitos de afección visual do Plan Especial. Para a análise da visibilidade consideráronse os seguintes criterios de partida:

- En primeiro lugar, efectúouse unha análise da visibilidade actual desde o ámbito, a fin de establecer a amplitude visual desta zona na actualidade.
- En segundo lugar, efectúouse unha análise da visibilidade prevendo o desenvolvemento do plan en vigor, incluíndo as edificacións previstas.

Para iso efectúouse unha análise de visibilidade en GIS, a fin de determinar as áreas visibles desde cada punto da parcela, detectando a porción de terreo visible desde os devanditos puntos, o que se coñece como a conca visual. Unha vez analizadas as concas visuais obtidas, compróbase que a ordenación proposta no presente Plan Especial non supón unha incidencia maior na visibilidade da contorna con respecto ao estado actual.

Procédese a continuación a describir cada un das análises de visibilidade realizados.

4.1. ANÁLISE DA VISIBILIDADE NO ESTADO ACTUAL

Neste apartado inclúese a determinación da conca visual do ámbito sen desenvolver, sinalando as zonas de visibilidade na contorna. Se adxunta imaxe sinalando en azul estas zonas visibles.



Fonte: elaboración propia.

Tal e como se observa, o ámbito non presenta unha gran influencia sobre esta zona do casco urbano da cidade, e isto débese a dous motivos. Por unha banda, o ámbito está rodeado de edificacións de altura elevada:

- Polo norte, a continuación da calle Antonio Machado, atópase o Polígono de Elviña con edificacións de B+12.
- Polo leste, ao outro lado da avenida Salvador de Madariaga, linda co Barrio das Flores, con edificacións de B+7.
- Polo sur, ao outro lado da avenida San Cristóbal atópase o barrio de Matogrande, con edificacións de uso residencial de B+8.

Doutra banda, o ámbito atópase lixeiramente deprimido respecto da avenida Alcalde Alfonso Molina (ao oeste) e a avenida San Cristóbal (ao sur), e o seu nó de conexión tamén sitúase a unha cota superior, o que diminúe a visibilidade do ámbito cara ao suroeste.

Co anterior, resulta unha visibilidade para o ámbito reducida.

4.2. ANÁLISE DA VISIBILIDADE CO DESENVOLVIMENTO PROPOSTO

Neste apartado inclúese a determinación da conca visual dos terreos do ámbito unha vez desenvolvido, é dicir, coa modificación da ordenanza de aplicación na parcela ocupada polos equipamentos existentes (de espazo libre a equipamento); mantense as condicións da edificación proposta na parcela ocupada polo Club Financiero.

A este respecto establecer que:

- Na parcela ocupada polos equipamentos públicos existentes, o cambio de ordenanza de aplicación de espazo libre a equipamento permitirá manter o uso actual de espazo deportivo. En caso de que o concello o considere conveniente realizar un cambio de uso o un aumento do volume edificado, a volumetría resultante decídeala o Concello, ao tratarse dunha parcela de uso municipal. Ese volume deberá axustarse aos parámetros establecidos pola Norma Zonal 8 en base ao uso que se queira implantar.

Na actualidade atópase xa edificada por equipamentos públicos de uso social (sede da asociación de veciños) e deportivo (campo de fútbol coas súas gradas); trátase dunha adaptación da ordenanza dotacional de aplicación na parcela.



Neste senso establecer que na actualidade a Norma Zonal 8-equipamentos definida no artigo 8 da normativa do PXOM, non establece unha edificabilidade máxima para os equipamentos públicos (como é o caso); pero estase a tramitar unha modificación do PXOM (Modificación Puntual do PXOM/13 referente á Norma Zonal 8. Equipamentos, aprobada inicialmente o 13/10/2022, DOG do 18/11/2022), a cal si incorpora a regulación deste parámetro.

Por último hai que ter en conta que esta parcela atópase nunha zona do Concello ocupada por edificacións de elevada volumetría, tanto pola súa superficie como pola súa

altura), polo que a escala das edificacións do equipamento público ten escasa incidencia no seu entorno.



Co anterior, xustifícase que a incorporación da parcela xa ocupada polos equipamentos aos ámbitos de aplicación da ordenanza 8 non levará consigo unha incidencia significativa na paisaxe urbana desta zona do Concello.

- O cambio de uso pretendido na parcela actualmente de uso residencial pasándoa a dotación comercial, realízase mantendo a ordenanza de aplicación xa que a actual Norma Zonal 1, subzona 3, “NZ-1(3)” admite como uso alternativo o terciario comercial, nas categorías 1º, 2º e 3º. Así mesmo se prevé o mantemento da edificabilidade existente na parcela, 3.042,05 m²e, coincidente coa materializada na edificación actual do Club Financiero, polo que non terá impacto significativo na paisaxe urbana.

Co anterior, o desenvolvemento do planeamento proposto non provoca variación na visibilidade dos terreos do ámbito, manténdose a situación actual.

4.3. IDENTIFICACIÓN DA CONCA PAISAXÍSTICA

Tal e como determínase no apartado anterior, o planeamento proposto non provoca variación da conca visual actual.

Co anterior conclúese que a ordenación proposta presenta escasa visibilidade, sendo unicamente visible dende zonas concretas do contorno que non presentan valores ambientais de interese, como son os viais lindantes e as edificacións en altura próximas.

5. ESTUDO DA PAISAXE URBANO

A normativa sectorial en materia da paisaxe está conformada pola Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e o regulamento que a desenvolve (Decreto 96/2020, de 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia). Así, de acordo ao artigo 36 do regulamento citado, deberase incorporar un estudo da paisaxe urbana nos seguintes casos.

Artigo 36. Os estudos da paisaxe urbana nos instrumentos de planeamento urbanístico

1. Ademais do estudo da paisaxe previsto no artigo anterior, deberán incorporar un estudo da paisaxe urbana os seguintes instrumentos de planeamento urbanístico:

- a) Os plans xerais de ordenación municipal, agás cando no municipio non exista ningún núcleo urbano.
- b) Os plans parciais.
- c) Os plans especiais de reforma interior en solo urbano non consolidado.
- d) Os plans especiais de protección referidos a núcleos urbanos.

Tal e como se observa, no caso de plans especiais de dotacións e infraestruturas non resulta necesario incorporar o estudo da paisaxe urbana.

6. IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS PAISAXÍSTICOS


Da análise realizada nos apartados anteriores pódese concluír que o desenvolvemento proposto non leva consigo a aparición de novos impactos paisaxísticos, xa que non prevé un incremento significativo da volumetría edificatoria nas parcelas do seu ámbito (unicamente poderase incrementar a superficie construída na actualidade na parcela ocupada polo campo de fútbol), e non propiciará unha maior ocupación do solo pola edificación, o que tradúcese no mantemento das actuais condicións da paisaxe urbana.

Con todo, incorpórase a continuación as imaxes do estado actual do ámbito, así como unhas infografías representativas do ámbito co desenvolvemento das actuacións propostas:

- Substitución da actual edificación do Club Financiero por outra de uso comercial, mantendo a mesma superficie construída materializada na actualidade.
- O incremento da superficie de espazos axardinados en 866 m².

Estas imaxes permiten unha visualización da materialización efectiva das determinacións do presente documento, sendo unha ferramenta para a detección de posibles impacto ou perturbacións no paisaxe. Da súa análise despréndese que a Modificación non provoca a aparición de impactos na paisaxe, xa que mantense as súas características actuais.

Dilixencia pola que se fai constar que a Xunta de Goberno Local do 30.10.2024 acordou solicitar o inicio do trámite de avaliación ambiental estratéxica ante o órgano ambiental.
O Secretario, p.d. (Delegación do 27.10.2020 do Oficial Maior no xefe do Departamento de Planeamento)



ESTADO ACTUAL



ESTADO FUTURO



ESTADO ACTUAL



ESTADO FUTURO



7. DESEÑO DE MEDIDAS

Inclúese neste apartado a xustificación das medidas adoptadas para alcanzar os obxectivos establecidos no artigo 34 do Regulamento da Lei 7/2008, que son:

- A protección dos ámbitos ou elementos de especial valor ou significación paisaxística.
- A congruencia da ordenación co tipo e a situación na que se atopan todas as paisaxes afectadas, coa finalidade de respectar o seu carácter e promover a súa evolución favorable.
- A mitigación ou corrección dos impactos que alteran ou degradan o carácter das paisaxes ou que afectan negativamente aos seus valores

Da análise anterior conclúese que non se considera necesario incluír medidas de protección paisaxística adicionais ás xa incorporadas na ordenación proposta polo plan.

En A Coruña, outubro de 2024

Por FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P., los arquitectos.

Fdo.: Álvaro Fernández Carballada

Fdo.: Beatriz Aneiros Filgueira